

Organización de reunións/eventos con empresas e colexios profesionais con presenza da Facultade de Ciencias da Comunicación

1. En febreiro de 2024 a Facultade acolleu a segunda edición da Xornada de Orientación Laboral. Participaron representantes do Servizo de Orientación Laboral da Xunta de Galicia, do Departamento de bolsas FEUGA, de UNINOVA e da Área de Orientación Laboral da USC.
https://twitter.com/facom_usc/status/1755879744711602417
2. En setembro de 2023 foi aprobada a adhesión da Facultade de Ciencias da Comunicación, a través de convenio coa USC, como socio colaborador do Clúster Audiovisual Galego.
3. En xuño de 2023 constituíuse o Comité Consultivo da Facultade de Ciencias da Comunicación. Nace para reforzar as conexións deste centro co tecido empresarial da información e da comunicación en Galicia. Trátase dun órgano contemplado no Sistema de Garantía de Calidade da Universidade e vencellado á política e aos obxectivos de calidade da Facultade. Ademais de estar integrado por representantes da USC e da Facultade, conta con representantes das seguintes entidades e agrupacións do sector: Academia Galega do Audiovisual (AGA), AGAPI, Clúster Audiovisual Galego, Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG), CRTVG, El Correo Gallego, La Voz de Galicia, Radio Galicia-Cadena SER, Sermos Galicia/Nós Diario.
<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/comite-consultivo-ciencias-comunicacion-reforzara-conexions-centro-tecido-empresarial>
4. En maio de 2023 a Facultade acolleu a primeira edición da Xornada de Orientación Laboral. Participaron representantes do Servizo de Orientación Laboral da Xunta de Galicia, a Área de Orientación Laboral da USC, de UNINOVA, da Asociación de Antigos/as Alumnos/as e Amigos/as da USC, do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG) e da Academia Galega do Audiovisual.
https://twitter.com/facom_usc/status/1651557255504965632/photo/1
5. 2024 IX Edición da bolsa Nacho Mirás para novos titulados: organizada e desenvolvida polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia en colaboración coa Facultade de Ciencias da Comunicación (USC) e patrocinada por Abanca; constitúe un recoñecemento do sector profesional ao labor dos nosos egresados no proceso de inserción laboral.

<https://xornalistas.gal/novas-eventos/novas/o-luns-1-de-abril-presentase-a-ix-edicion-da-bolsa-lnacho-mirasr-para-xornalistas-noveis/>

6. Outono 2018. A Facultade de Ciencias da Comunicación, xunto co CGAC, acolle o Festival Kino Galicia. I Maratón Internacional de Creación de Curtas, organizado pola Asociación Audiovisual Galega Kino, de cara a promover a participación do noso alumnado en procesos de creación audiovisual.

<https://www.facebook.com/KinoInGalicia/>

7. Dende 2017 a Facultade de Ciencias da Comunicación da USC participa no Grupo de Traballo creado a instancias do Clúster Audiovisual Galego (Clag), co obxectivo de reforzar a cooperación das institucións universitarias coas empresas do sector audiovisual en Galicia, ademais de nutrir iniciativas empresariais innovadoras cos nosos titulados.

Liñas de actuación:

1. Establecemento dunha vía de comunicación permanente Facultade-Empresa,
2. Definición de novas liñas de produción que se vexan refrendadas pola formación universitaria;
3. Posta en marcha de sesións de *pitching* para que o sector empresarial coñeza os proxectos dos egresados na procura da innovación.

http://www.clusteraudiovisualgalego.com/2018_proyecto_detalle.php?id=250

<https://www.cineytele.com/2017/05/03/el-clag-promueve-la-coordinacion-con-los-centros-que-imparten-titulaciones-tecnicas/>